



CONCELLO DE
PONTECESURES



CONCELLO
DE CALDAS
DE REIS



CONCELLO
DE
CATOIRA

Estimados pais e nais:

Poñémonos en contacto con vos para informarvos de que o voso fillo/a está a participar nun programa de *Prevención das drogodependencias e outras condutas aditivas*. Este programa ten como obxectivo a promoción da saúde, a través da prevención do consumo de alcohol, tabaco e outras drogas, así como, a prevención do desenvolvemento doutros trastornos aditivos frecuentes na puberdade- adolescencia. O programa proporciona información veraz fronte o consumo de drogas, potenciando as súa capacidade crítica fronte a comportamentos que promoven o consumo, dótaos de habilidades para resistir a presión de grupo, solucionar problemas ou relacionarse cos demais de maneira máis positiva e respectuosa.

Para previr este tipo de condutas das que vimos falando é importante un traballo coordinado por parte dos rapaces, dos docentes, pero tamén de vos, dos pais e nais. A vosa comprensión, diálogo e dispoñibilidade é imprescindible para que os cativos tomen maior consciencia de cales son as actitudes e comportamentos máis axeitados para rexeitar o consumo de drogas e evitar dependencias e adiccións.

Dada a situación de COVID que estamos a vivir, decidiuse que o programa será ofertado de forma online. Ofrecéndosevos a información a través dun pequeno documento que seravos entregado en formato PDF a través da plataforma virtual ca que estades en contacto co centro educativo do voso fillo.

A principios do mes de maio, a través dos rapaces enviarásevos unha enquisa de satisfacción en relación o programa, que agradeceríamos que cubrísedes e fixerades chegar de novo o centro educativo do neno.

Dada a importancia do tema, gustaríanos contar coa vosa participación.

Moitas grazas.